


Amigos que nunca esquecen

Existen amistades que non poden ser razoadas.

13

Unha olladela aos seus poemas e ás primeiras páxinas das súas obras dános unha imaxe dos grandes afectos de Álvaro Cunqueiro. Entre os nomes que alí figuran teñen un lugar principal Francisco Fernández del Riego, Alberto Casal e Emilio Álvarez Blázquez.

Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro foron grandes amigos e partillaron inquedanzas e proxectos a prol da cultura galega



O notario Alberto Casal foi un dos seus mellores amigos e grazas a el comezou a colaborar en *Faro de Vigo*



Casal e mais el argallaron escribir un conto co gallo do nacemento de cada un dos seis fillos de Casal, e así fixeron. Cunqueiro escribiu *Daniela y la estrella* (1967), *Historia del ángel Adriel, guardián de la Puerta Sur del Paraíso* (1970) e *Historia de una isla llamada Brenda* (1982)



A vida de Cunqueiro estivo profundamente vencellada a Cataluña, onde tivo grandes amigos, entre os que salienta o xornalista e gastrónomo Néstor Luján (no medio)

Álvaro Cunqueiro con Eduardo Lence Santar e Guitián, que o precedeu como cronista oficial da vila de Mondoñedo



Xosé María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro coñecéronse nos anos composteláns e fixéronse amigos nos anos cincuenta, cando percorreron Galicia dando conferencias



Josep Pla e Álvaro Cunqueiro. Malia os tópicos en uso, Cunqueiro cría que "os cataláns son en gran medida uns románticos, que non se atreven a recoñecelo"



No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

Sinbad...Caravaneiros da alba

A Fernando Alonso Amat

Caravaneiros da alba, cantan os galos pró día!
O que na noite bebido foi, iso pagado está.
Que se ergan de entre as faragullas do sono
os que ousaron dormir na sombra.
Príncipe: o leite da alba xa enche as cuncas de buxo
e os ollos do home recoñecen o home.

Falade arreo, caravaneiros da alba!
Axudade a amencer decindo, preguntando,
pondo os beizos á luz, ás mans cheas sorrindo.
Quen canta, caravaneiros, ese a hedra demouca no escuro.
Príncipes: a rosa está no vaso da alba.
Verquede as vosas mans a seu carón se ousa usar sombra.
Enfardelada levás a noite coma un ouro;
—ouro feito de medo labirinto, de tentas, de amargues
fíos arredor do peito e lameiros camiños—.
Caravaneiros da alba, vendédea en Samarcanda
por medo de mercar no bazar a noite nun espello.

A man dereita de Deus, que fai o día,
non sabe que a man esquerda fai a noite
[...]
Príncipe: acesas espadas nas vosas mans requiren
o sangue da noite pra pechados pozos.
Caravaneiros de meu, por visto que tan breves
son as fiestras do día e as faíscas no intre,
po de día prefiro na roupa levar e sendo cego.
[...]
Príncipes: cantan os galos pró día.
Verquede os vosos ollos na luz, caravaneiros.

Herba aquí ou acolá, 1991